

Bases legais concurso Facebook postal de Nadal 2020 pescadeRías ¿de onde se non?

Identificación da empresa organizadora

Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega con domicilio fiscal en Rúa Damas Apostólicas nº 15. Oficina 103C. A Ramallosa. 36370 Nigrán-Pontevedra y con CIF F-36527109 organiza o sorteo dun lote de conservas.

Datos do sorteo

O sorteo comezará o 14/12/2020 ás 09:00h e rematará o 20/12/2020 ás 23:59 horas Poderase participar so nese período.

O sorteo ten ámbito nacional (Excepto as cidades Autónomas de Ceuta e Melilla).

Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega (en diante Ardora) resérvase o dereito de aprazar ou ampliar o período do concurso no caso de forza maior, así como a facultade de interpretar os termos e condicións recollidos neste documento.

Regras e condicións para participar

Poderán participar no concurso aquelas persoas maiores de 18 años.

No poderán participar:

1. persoal vinculado (socias e traballadoras/es) á empresa que xestiona a marca de calidade (Ardora),
2. persoal vinculado á xestión da marca de calidade na administración pública (Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia),
3. familiares de primeiro grao do persoal recollido nos puntos 1 e 2,
4. perfís fraudulentos,
5. expertos en concursos

A marca pescadeRías, ¿de onde se non? pon en marcha o concurso de fotografía para elixir a súa Postal de Nadal deste ano, onde o protagonista será o patrimonio marítimo pesqueiro galego. As imaxes deben amosar e poñer en valor os oficios do mar e/ou contar a historia do traballo e do bo facer dos homes e mulleres que viven da pesca artesanal en Galicia. Polo tanto poden ser imaxes actuais ou antigas.

A fotografía gañadora utilizarase como postal de Nadal da marca pescadeRías, ¿de onde se non?. Unha vez rematado o concurso, todas as fotografías presentadas poderán expoñerse no apartado de patrimonio marítimo da páxina Web da marca.

Como participar?.

Enviando unha ou varias fotografías de calidade que reflexen o patrimonio marítimo pesqueiro galego.

Acompañando ás fotografías débense engadir os seguintes datos:

- Título da fotografía.
- Nome completo da persoa que envía a fotografía.
- Datos de contacto: teléfono e correo electrónico
- Idade.
- Asunto: Concurso Postal de Nadal marca pescadeRías

As fotografías remitiranse a través das seguintes vías:

- Mensaxe privado ao facebook de pescadeRías: pescadeRías, ¿de onde se non? -
- Correo electrónico da marca: pescaderiasdeondesnon.cmrm@xunta.gal
- Por whatsapp ao número de teléfono 678759079

O prazo de recepción de fotografías finaliza o 17 de decembro de 2020 ás 23:00 horas.

Selección da persoa gañadora e modalidade de sorteo

Unha vez finalizado o prazo de presentación, publicaranse todas as fotografías no facebook da marca e abrirase o prazo de votacións. As persoas seguidoras da marca votarán dándolle me gusta ás fotografías publicadas.

O prazo para realizar as votacións será do 18 ao 20 de decembro ás 23:59 horas. Unha vez finalizado a imaxe que mais gústame teña será a gañadora

A resolución do concurso publicarse a través das redes sociais da marca. O día 21 de decembro, o equipo técnico da marca porase en contacto coa persoa que enviou a fotografía gañadora para comunicarlle a resolución do concurso.

A persoa que enviou a fotografía gañadora recibirá un lote de conservas certificadas como agasallo.

A persoa gañadora será anunciada oficialmente no perfil de facebook de pescadeRías e o día 21 de decembro, o equipo técnico da marca porase en contacto coa persoa que enviou a fotografía gañadora para comunicarlle a resolución do concurso. Se no prazo de 24 horas non se contacta coa persoa premiada o premio pasará á seguinte imaxe que teña mais gústame. Unha vez ofrecido o premio á imaxe número dous en gústame a anterior persoa gañadora perderá o dereito a reclamar o premio.

Términos y condiciones legales

Ardora queda eximida de calquera responsabilidade no caso de existir algún erro nos datos facilitados polas persoas gañadoras/suplentes que impida a súa identificación.

Ardora resérvase o dereito a efectuar cambios na campaña durante o seu desenvolvemento se acontecese algunha incidencia que impedira levalo a cabo da maneira descrita.

Valor e natureza do premio

O premio consistirá en:

Un lote de conservas produtos pescadeRías valorado en 70 euros que a persoa gañadora recibirá no domicilio que nos indique a través dun servizo de envío cuxo custe correrá a cargo de Ardora.

Ardora non se responsabiliza das posibles perdas, deterioros, roubos o calquera outra circunstancia imputable aos servizos de mensaxería que poidan afectar ao envío dos premios.

Protección de datos de carácter persoal

Os datos facilitados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo Ardora a titular y responsable de dito ficheiro, co obxectivo de:

- Xestionar a participación das persoas e poñerse en contacto con elas.
- Comunicarlles que resultaron gañadores/as do sorteo.

Ardora garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no sorteo postal de Nadal 2020, en especial no que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais das persoas participantes.

Penalizacións no caso de uso fraudulento

Ardora reservase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado como manipulación ou falsificación do sorteo.

Ardora queda eximida de calquera responsabilidade por danos e prexuízos que poidan deberse á falla temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento da aplicación mediante a que se participa no sorteo, á defraudación da utilidade que as persoas usuarias puideran atribuír á mesma e ao acceso ás distintas páxinas e envíos de repostas de participación a través de Internet.

Términos y condiciones legales

Este sorteo non está vinculado a ningunha plataforma ou rede social

Facebook non patrocina, avala nin administra de modo algún este sorteo, nin está asociado a el. A persoa participante está proporcionando a súa información e datos a Ardora e non a *Facebook*.

Aceptación das Bases Legais

A participación no sorteo implica a aceptación dos presentes termos e condicións legais. Calquera manifestación de non aceptación da totalidade ou parte das bases legais implicará a exclusión da persoa participante e, como consecuencia dela, Ardora quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con esta persoa.